

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DAS NEVES POLO QUE SE REGULA A ENCOMENDA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E INSPECCIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS.

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DAS NEVES POLO QUE SE REGULA A ENCOMENDA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E INSPECCIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Maria del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, quen actúa en nome e presentación da Administración Provincial en virtude das competencias atribuídas polo artigo 34 da LRBRL, o artigo 105 da LALGA e o artigo 61 do ROF.

Doutra parte, D. Xosé Manuel Rodríguez Méndez, quen actúa no nome e na representación do Concello das Neves, en virtude da súa condición de alcalde da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do ROF.

Actúa D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas as dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

Primeiro. A nova normativa en materia de residuos (Lei 7/2022, de 8 de abril, de Residuos e Solos Contaminados para unha Economía Circular), supón un cambio substancial na tradicional visión que se tiña do tratamento dos residuos, con importantes esixencias para os Concellos.



Unha das máis relevantes é a de acadar unha serie de obxectivos de separación e preparación para a reciclaxe de alta calidade, debendo para iso os Concellos establecer a recollida separada de, polo menos, as seguintes fraccións de residuos de competencia local:

- a) O papel, os metais, o plástico e o vidro,
- b) Os biorresiduos de orixe doméstica antes do 30 de xuño de 2022 para as entidades locais con poboación de dereito superior a cinco mil habitantes, e antes do 31 de decembro de 2023 para o resto. Entenderase tamén como recollida separada de biorresiduos a separación e reciclado en orixe mediante compostaxe doméstica ou comunitaria,
- c) Os residuos téxtiles antes do 31 de decembro de 2024,
- d) Os aceites de cociña usados antes do 31 de decembro de 2024,
- e) Os residuos domésticos perigosos antes do 31 de decembro de 2024, para garantir que non contaminen outros fluxos de residuos de competencia local,
- f) Os residuos voluminosos (residuos de mobles e aveños) antes do 31 de decembro de 2024,
- e
- g) Outras fraccións de residuos determinadas regulamentariamente.

Sen prexuízo do que regulamentariamente se estableza en canto á porcentaxe máxima de impropios presente en cada unha das fraccións anteriores para a súa consideración como recollida separada, no caso dos biorresiduos a Lei sinala que a porcentaxe máxima de impropios será do 20% desde 2022 e do 15% desde 2027, porcentaxe susceptible de minoración por orde ministerial.

A superación de devanditos porcentaxes de impropios e o incumprimento da obriga de establecemento de recollida separada para as fraccións de residuos mencionadas, terá o carácter de infracción administrativa grave sancionable polas Comunidades Autónomas (artigo 25.4, en relación co artigo 108.3.w da citada Lei).

Para evitar posibles sancións, as entidades locais deberán establecer mecanismos de control, mediante caracterizacións periódicas, e redución de impropios para cada fluxo de recollida separada (artigo 25.4 da Lei 7/2022, do 8 de abril).

Segundo. En relación co anterior, o artigo 12 da Lei 7/2022, do 8 de abril, establece que no ámbito das súas competencias corresponde ás entidades locais exercer a potestade de vixilancia e inspección e a potestade sancionadora; e o artigo 106.6 do citado texto normativo dispón que os produtores de residuos domésticos e comerciais estarán suxeitos ás inspeccións por parte das entidades locais, aos efectos de comprobar o cumprimento do establecido nas respectivas ordenanzas e nesta lei e os seus regulamentos de desenvolvemento, para o cal as autoridades competentes deberán dotarse dos medios humanos e materiais suficientes para dar cumprimento ás obrigas relativas á autorización, vixilancia, inspección, sanción e información.

Estas funcións de inspección deberán ser levadas a cabo por persoal funcionario debidamente recoñecido conforme ás normas que lles sexan de aplicación, que terán a consideración de axentes da autoridade e os feitos constatados por eles formalizados en acta gozarán da presunción de certeza a efectos probatorios.

As autoridades competentes designarán os laboratorios de referencia para a análise e caracterización dos produtos e os residuos ao efecto de dar cumprimento ás obrigas de vixilancia, inspección e control.

Conforme ao artigo 108 da Lei 7/2022 se considerará infracción leve a entrega dos residuos domésticos e comerciais non perigosos -por parte do produtor inicial ou outro posuidor de residuos domésticos- contravindo o establecido nas ordenanzas das entidades locais, sendo nese caso competencia do Concello o exercicio da potestade sancionadora (artigo 111.3 Lei 7/2022).

Terceiro. Por iso, consciente da inxente carga de traballo que esas obrigas traerán consigo e da escaseza de medios materiais e de persoal municipal que poida asumila, a Deputación de Pontevedra está en disposición de crear un corpo de vixilancia, inspección e control en materia de residuos e asumir a xestión desta actividade previa encomenda do Concello.

O artigo 36.2.d) da LBRL atribúe ás Deputacións a competencia propia de dar soporte aos concellos na tramitación de procedementos administrativos e na realización de actividades materiais e de xestión, asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.



Pola súa parte, o artigo 31 da LRBRL sinala que son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal para o cal poderá coordinalos para conseguir unha maior eficacia e economía na súa prestación mediante o emprego de calquera fórmulas de asistencia e cooperación municipal.

O artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), establece que a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos ou das entidades de dereito público poderá ser encomendada a outros órganos ou entidades de dereito público da mesma ou de distinta administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño; encomenda que non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade da entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.

Dito artigo contempla igualmente que cando a encomenda de xestión se realice entre órganos e entidades de dereito público de distintas administracións, formalizarse mediante a sinatura do correspondente convenio que deberá publicarse, neste caso, no Boletín Oficial da Provincia.

Como corolario do anterior, os artigos 144 da LRXSP e o artigo 198 da LALGA, contemplan a posibilidade de que a Deputación subscriba convenios de cooperación cos Concellos para a prestación de medios materiais, económicos ou persoais así como para garantir o acceso á poboación ao conxunto dos servizos municipais e maior eficacia na prestación destes.

Por todo o exposto, tendo en conta o principio de liberdade de pactos que rexe as actuacións administrativas, e de conformidade co disposto no artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece que *"Las Administraciones Públicas podrán celebrar acuerdos, pactos, convenios o contratos con personas tanto de derecho público como privado, siempre que no sean contrarios al Ordenamiento Jurídico ni versen sobre materias no susceptibles de transacción y tengan por*



objeto satisfacer el interés público que tienen encomendado, con el alcance, efectos y régimen jurídico específico que, en su caso, prevea la disposición que lo regule (...)", as partes, de común acuerdo, asinan o presente convenio que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do Convenio

O obxecto do presente Convenio é regular as condicións nas que se desenvolverá a encomenda da xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos municipais realizada por parte do Concello das Neves, a favor da Deputación Provincial de Pontevedra.

Segunda. Obrigas do Concello

No ámbito xeral da prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos e no marco da presente encomenda, o Concello asume as seguintes obrigas:

- Ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.
- Aportar os datos e documentación necesarios para elaborar un protocolo de vixilancia e inspección ambiental na xestión de residuos.
- Facilitar a debida toma de mostras nos lugares que desenvolvan actividades susceptibles de inspección e o acceso ás instalacións.
- Abonar á Deputación Provincial de Pontevedra unha contra-prestación económica pola realización do servizo obxecto de encomenda, nos termos reflectidos na cláusula quinta.
- Por a disposición do servizo de inspección, cando así sexa preciso, os efectivos da Policía Local necesarios para garantir a súa correcta prestación.
- Aprobar unha Ordenanza de servizo conforme ás directrices emitidas polo persoal técnico provincial adscrito ao Revitaliza.



- Tramitar os expedientes sancionadores que se poidan derivar das inspeccións realizadas e, no seu caso, adoitar as medidas provisionais que sexan oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.

Terceira. Obrigas da Deputación de Pontevedra

- Asumir a xestión do servizo encomendado nos termos previstos no presente convenio, que desenvolverá mediante a forma que libremente elixa de entre as contempladas polo artigo 85 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, con pleno respecto ao establecido na normativa de aplicación.
- Facilitar de forma permanente ao Concello a información xeral que resulte necesaria para o seguimento do servizo encomendado e, en concreto:
- Remitir ao Concello os estudos e/ou informes técnicos que elabore de oficio ou se soliciten por aquel, en relación coa prestación do servizo.
 - Comunicar de forma inmediata ao Concello calquera incidencia que se produza no servizo encomendado.
- Velar en todo momento polo cumprimento das normativas sanitarias e medioambientais que sexan de aplicación á prestación do servizo obxecto da encomenda. Para iso, realizaranse as inspeccións periódicas que se estimen necesarias conforme ao establecido no Plan de actuacións aprobado a tal efecto, entre outros, nos seguintes ámbitos:
- Sobre os produtores de residuos domésticos.
 - Sobre os produtores de residuos comerciais.
 - Sobre calquera persoa física ou xurídica con actividade produtora de residuos de competencia da Entidade Local.
- Informar e asesorar ao Concello sobre a aplicación da normativa sectorial en materia de residuos vixente en cada momento.

- Elaborar propostas de actos/disposicións de carácter administrativo relativos ao funcionamento do servizo.
- Elaborar e aprobar un Plan de carácter bianual no que se determinarán os criterios obxectivos polos que se guiará a actuación do servizo de inspección de residuos coa finalidade de garantir a súa obxectividade e imparcialidade.

Cuarta. Funcións do persoal inspector

Para asegurar a correcta xestión dos residuos municipais, o persoal provincial efectuará inspeccións periódicas naqueles establecementos, entidades ou empresas nas que se xeren residuos, comprobando que se entregan axeitadamente a xestores autorizados ou ao sistema do Concello ao que estean adheridos, aos efectos de comprobar o cumprimento do establecido nas respectivas ordenanzas e demais normativa vixente de aplicación.

Así mesmo, poderán realizarse inspeccións naqueles establecementos, entidades ou empresas nas que se leven a cabo operacións de clasificación, almacenamento e tratamento de residuos de competencia da Entidade Local, de acordo co réxime xurídico establecido na lexislación de residuos e solos contaminados.

Estas inspeccións terán como obxectivo identificar posibles incumprimentos e riscos ambientais asociados ás actividades de produción ou xestión de residuos; recabar datos que permitan valorar a situación dos establecementos, entidades e empresas inspeccionadas; e propor ao órgano encomendante medidas incluídas na lexislación vixente en cada momento.

O corpo de inspección provincial, composto por funcionarios/as que terán a condición de axente da autoridade, estará facultado para levar a cabo, entre outras, as seguintes actuacións:

1. Acceder, identificándose previamente e sen necesidade de preaviso, ás instalacións e lugares nos que se desenvolvan as actividade reguladas pola normativa sectorial en materia de residuos vixente en cada momento, salvo naqueles que teñan a condición de domicilio ou para aqueles cuxa entrada sexa necesaria o consentimento da persoa titular ou autorización xudicial.



2. Realizar cantos exames, controis, toma de mostras e recollida de información, incluída a gravación de imaxes que resulten necesaria para o exercicio das labores de vixilancia e inspección encomendadas.
3. Elaborar actas observando os requisitos legais correspondentes nas que se recollan os feitos constatados.
4. O persoal inspector poderá ir acompañado de persoal de asesoramento técnico. Este persoal estará obrigado a gardar segredo respecto dos datos e información aos que teña acceso no exercicio das súas funcións.

O resultado das inspeccións poderá dar lugar á elaboración de recomendacións e/ou instrucións de boas prácticas para corrixir as deficiencias detectadas ou, no seu caso, á tramitación do correspondente expediente sancionador por parte do órgano encomendante no que se adoptará a resolución que proceda en Dereito.

As funcións de vixilancia, inspección e control se poderán levar a cabo co apoio de entidades colaboradoras debidamente recoñecidas conforme ás normas que lle sexan de aplicación, sen que iso supoña a substitución da administración no exercicio completo das súas funcións.

Quinta. Réxime económico da encomenda e bonificacións.

1ª Para salvagardar a eficacia e a eficiencia na prestación do servizo, a cantidade económica que debe pagar o concello axustarase ao seguinte baremo:

Deberase aboar a cantidade anual que resulte de multiplicar tres euros (3 €) polo número de habitantes do concello, segundo a última revisión do Padrón municipal publicado polo Instituto Nacional de Estatística con referencia á poboación ao 1 de xaneiro de cada ano, cantidade que poderá ser obxecto de actualización no caso de incremento do custo do servizo e/ou de circunstancias excepcionais ou de forza maior que desvirtúen substancialmente o Convenio e fagan inviables as súas previsións económico-financeiras.

Este aboamento farase efectivo de forma anual a requirimento da Deputación de Pontevedra antes do 31 de decembro de cada ano.



2ª A achega municipal terá o carácter de ingreso de dereito público. Os concellos facultan á Deputación de Pontevedra para aplicar a compensación como forma de extinción de débeda, nos casos de incumprimento ou demora, con cargo a calquera cantidade a pagar pola Deputación e/ou ós recursos municipais cuxa xestión recadatoria lle fose efectivamente delegada á entidade provincial.

3ª Sobre as cantidades a abonar por parte do Concello, e sen prexuízo do ano de inicio do servizo, aplicaranse as seguintes bonificacións:

De carácter xeral:

Exercicio 2022: do 100%

Exercicio 2023: do 60%

Exercicios 2024 e posteriores: do 25%

Específicas:

Por sumarse ao servizo de inspección antes do 31 de xullo de 2022:

10% máis de bonificación (70% no 2023 e 35% no 2024 e ss)

Por acadar os obxectivos fixados na normativa en canto a preparación para a reutilización e reciclaxe: 15% máis de bonificación, revisable anualmente.

Polo avance nos obxectivos: igual porcentaxe de bonificación que de avance, revisable anualmente.

Todas as bonificacións son acumulativas

Sexta. Vixencia do convenio

O presente convenio terá unha vixencia de SEIS (6) ANOS, contados a partir da súa publicación no BOPPO, e será prorrogable por outro período de CATRO (4) anos adicionais.

Ao obxecto de garantir unha mínima viabilidade económica e organizativa do servizo, a renuncia por parte do Concello antes do vencemento do prazo de vixencia conlevará a



obriga de reintegro das cantidades subvencionadas, actualizadas conforme ao IPC vixente nese momento.

Sétima. Extinción e efectos

O presente Convenio extinguirase:

- Por mutuo acordo das partes.
- Polo vencemento do prazo de vixencia sen acordarse a prórroga do mesmo.
- Por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, se notificará á parte que incumpre un requirimento para que cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

A resolución do convenio por esta causa conlevará o abono dunha indemnización polos prexuízos causados que, no caso da Deputación, se calculará conforme aos criterios de valoración que rexen as normas de responsabilidade patrimonial; de ser o Concello o causante do incumprimento, a indemnización será a establecida na cláusula sexta.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- Por calquera outra causa distintas das anteriores prevista nas leis.

Oitava. Comisión de seguimento

1.- Para avaliar o desenvolvemento do presente convenio de colaboración, de natureza administrativa, constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada institución asinante, actuando como Presidente da mesma un dos



representantes da Deputación. Esta comisión encargarse do seguimento das actuacións e avaliación dos resultados e desenvolverase durante toda a duración do convenio de xeito continuado.

2.- A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento, reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, como mínimo unha vez ao ano; ostentará a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

Novena. Réxime xurídico do convenio e xurisdición competente

O presente convenio ten natureza administrativa e para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do mesmo estarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime do sector público.

A xurisdición contencioso-administrativa é competente para coñecer en única instancia dos recursos que se deduzan en relación co presente convenio, de conformidade co disposto no artigo 8.1 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décima. Protección de datos

A Deputación Provincial de Pontevedra terá a condición de encargado do tratamento de datos de carácter persoal aos que se poida ter acceso en execución da presente encomenda de xestión, coa finalidade única e exclusiva das actividades previstas no presente convenio, séndolle de aplicación o disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal.

A Presidenta da Deputación
Maria del Carmen Silva Rego

O Alcalde das Neves
Xosé Manuel Rodríguez Méndez

O Secretario
Carlos Cuadrado Romay

